

Limiar

Xosé Luís Méndez Ferrín

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (2011 [2011]). “Limiar”. En Gonzalo Lopez Abente, *Bretemada 1917-1922 [libro inédito]*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora / Fundación Gonzalo López Abente, 11-13. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1367>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (2011). “Limiar”. En Gonzalo Lopez Abente, *Bretemada 1917-1922 [libro inédito]*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora / Fundación Gonzalo López Abente, 11-13.

* Edición dispoñíbel desde o 2 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LIMIAR

[AO LIBRO INÉDITO DE GONZALO LÓPEZ ABENTE *BRETEMADA 1917-1922*, 2011]

Arturo Casas

Gonzalo López Abente non é un autor secundario senón de primeira fila e de importancia primordial dentro da cohorte dos que foron chamados, a partir de Castelao prologuista de Álvarez Limeses, de Antre Dous Séculos. A carón do Álvarez Limeses citado, de Noriega Varela e do abundantísimo e universalmente celebrado Cabanillas, López Abente mantense ergueito. E digo máis, co paso dos anos a poesía do muxián crece.

Teño a impresión de que a presenza da poesía de López Abente entre os máis novos galeguistas de posguerra se fixo importante a partir da difusión da *Escolma* de Del Riego, tomo IV *Os Contemporáneos*. Como ocorreu con outros escritores cuxa obra era de difícil adquisición ou acceso naquelas horas máis, os que entrabamos, entre clandestinos e esperanzados, nas canles do nacionalismo literario encontramos naquela obra un resumo crítico-biográfico de López Abente máis ca suficiente e unha antoloxía ben representativa da súa obra poética. Estabamos, pois, preparados para máis López Abente. E como o poeta era [12] vivo e producía textos fronte ao mar de Nemancos sempre recomezado, estabamos ben aprechados para recibir a novidade. En 1963 López Abente sae de novo á luz cun libro do trinque a cuxo nacemento asistimos con curiosidade e interese: *Centileos nas ondas*. Nunca esquecerei o día no que Xaime Illa Couto (con contactos na familia) me amosou o orixinal mecanoscrito do libro de López Abente que axiña ía saír á luz en Vigo. Conservo indelével na memoria máis íntima a primeira lectura do libro daquel poeta vello que nos falaba desde a penedía occidental aos mozos en procura da “olorosa panthera” –véxase Fernández Rei– ou sexa dun modelo acabado de lingua nacional.

López Abente é un produto (digámolo ao vello modo de Taine) da burguesía comercial e culta que xiraba as súas operacións na costa NW de Galicia no século XIX. Da familia de Pondal, por parte de Abente, fixo viaxes de formación polos países máis avanzados de Europa, onde se perfeccionou nos seus coñecementos de linguas. Graduouse en Dereito. A súa vida aparenta tranquilidade e reflexión na vila de Muxía, dedicado ás letras e á actividade mercantil.

Como López Abente acudiu, entre os primeiros, ao chamamento nacionalista de Antón Villar Ponte, de cedo o miramos nas Irmandades da Fala e case estamos a sentir a súa voz perorar nas Asembleas de Monforte e Lugo. Antes da guerra de España colaborou en toda a prensa patriótica e escribiu obras de teatro e narracións (especialmente novela curta) que a crítica debería visitar e interpretar dentro do programa de anovamento da historia literaria de Galicia que xa se está a cumprir.

Con todo, de López Abente o que mellor pervive é o poema, para o meu entendemento. A experiencia clá-[13]sica paneuropea é fundamental para o completamento do sistema de recursos da poesía de López Abente. E este clasicismo prodúcese baseado nun idioma poderoso e sabio. Seguindo a prescrición pondaliana, o poeta afonda nas falas vivas da súa terra e doutras por el coñecidas, incluíndo as formas que hoxe se senten fortemente dialectais, para elevar logo este material, mediante prodixiosa alquimia literaria, a categoría de lingua de ouro. Os modos retóricos distáncianse definitivamente e para sempre de calquera das tentacións saudosistas ou minimalistas que brillan pola súa febleza na obra coetánea de Noriega e que puideron asaltar un López Abente incipiente ou novel. Felizmente, de libro a libro e até os seus versos finais, a poesía do noso autor faise *nobre e robusta* (Pondal) e a fondura sentimental e a orixinalidade da súa fonte imaxinaria contense en unidades de rigorosa administración lírica.

Publicase agora un libro inédito de Gonzalo López Abente que leva o título, tan suxerente como característico do autor, de *Bretemada*. Foi escrito (dinos o escritor muxián con absoluta precisión) entre o 28 de novembro de 1917 e o 31 de maio de 1922 e a súa edición, tantos anos despois, constitúe un acontecemento literario de altísima importancia.